

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

*RESOLUCIÓN do 21 de novembro de 2012, da Secretaría Xeral do Mar, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de outubro de 2012, polo que se aproba a Estratexia galega da acuicultura.*

A Estratexia galega da acuicultura (Esga) ten a súa orixe na necesidade de contar cunha ferramenta que permita por en contacto todos os ámbitos e facetas da actividade acuícola galega, sexan estes administrativos, normativos ou de ordenación. Neste sentido, faise necesario dispor dun documento estratéxico que recolla estes aspectos, coordine a relación entre eles, os dote de coherencia e planifique a súa evolución en termos organizativos, temporais e espaciais co fin básico de conseguir dinamizar a produción acuícola.

A Esga é un documento que define o marco de referencia que debe servir á Administración xestora da acuicultura como guía para ordenar e racionalizar as actuacións da actividade de acuicultura e servir de apoio na toma de decisión para dirección e xestión desta.

Con base no exposto, a Esga foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de outubro de 2012, polo que

#### ACORDO:

Facer público o acordo do Consello da Xunta de Galicia adoptado na súa reunión do día 18 de outubro de 2012 que a seguir se transcribe:

«Aprobar a Estratexia galega da acuicultura co obxectivo do seu impulso e promoción para o desenvolvemento da acuicultura en Galicia». O texto aprobado atópase dispoñible no seguinte enlace: <http://www.intecmar.org/esga/Documentacion.aspx>

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2012

Juan Carlos Maneiro Cadillo  
Secretario xeral do Mar

